



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 26 DE MAIO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)

D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)

D. JACOBO GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vinte e seis de maio de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE ABRIL (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 28 de abril de 2016 (ordinaria), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 25 de abril; unha, sobre aboamentos...

Do 26 de abril, unha, sobre aboamentos..

Do 27 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de abril, catro; unha, sobre solicitude de subvención; unha, sobre concesión de vado; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos..

Do 29 de abril; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de maio; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; dúas, sobre aboamentos..

Do 03 de maio; dúas, sobre aboamentos.

Do 04 de maio; tres; unha, sobre concesión de vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 05 de maio; catro, unha, sobre reserva lugares propaganda electoral; unha, reserva locais actos campaña electoral; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de maio, tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de maio; dúas, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 10 de maio; tres; unha, sobre contratación persoal limpeza edificio CPI Tomás de Lemos; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 12 de maio; tres; unha, sobre nomemento tribunal dúas prazas Auxiliar Técnico Turismo; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de maio; catro; unha, sobre delegación funcións; tres, sobre aboamentos.

Do 16 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de maio; cinco; unha, sobre devolución taxa; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vado.

Do 19 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de maio; tres; unha sobre orde de execución; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de maio, dúas; unha sobre valoración méritos posto peón vías e obras; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 24 de maio; tres; unha sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre permiso enfermidade familiar.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACION DA TITULARIDADE DOS TERREOS SITOS NO LUGAR DO CARRO DO TRAVESO Nº 44, A FRANQUEIRAN.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios Municipais de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal:"Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:" Considerando a denuncia de Dona Josefina González Pena e Don Miguel Alonso Mosquera, con domicilio na Franqueiran, presentada no rexistro do Concello o día 09.05.2016, así como as diversas actuacións realizadas polo Concello, en relación coa posibilidade de que a parcela que esta pechando Don Francisco Meiriño Iglesias, no lugar do Carro do Traveso nº 44 (Ref. Catastral 32070A006000610000YJ), en A Franqueiran, fose de titularidade pública.

Considerando os informes e estudos necesarios para determinar se concorren os presupostos para o exercicio da potestade, en concreto informe técnico de data 12.05.2016.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Considerando o informe de Secretaría de data 10.05.2016, conforme o establecido no artigo 49 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais,

ACORDO

PRIMEIRO. Que se incoe o expediente de investigación da titularidade dos terreos sitos no lugar do Carro do Traveso nº 44, A Franqueiran, deste municipio, que presuntamente pertencen á corporación local, e que se soliciten dos rexistros que procedan todos os antecedentes e datos que consten relativos aos bens investigados. Incorporaranse ao expediente as certificacións que se expidan para tal efecto.

SEGUNDO. Que se publique o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e que se expoña no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadavia durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Que se traslade, se proceda, o acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, de ser o caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Que se lles notifique aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

QUINTO. Que se abra un trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao día en que se deba dar por rematada a publicación dos anuncios no taboleiro da corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito todo o que consideren conveniente para o seu dereito ante a corporación, para o que achegarán todos os documentos en que baseen as súas alegacións.

SEXTO. Unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións, que se abra un período de proba por un prazo de quince días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados de acordo co Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

SÉTIMO. Unha vez practicadas as probas e valoradas polos servizos da corporación, porase de manifesto o expediente ás persoas ás que afecte a investigación e comparecesen nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente para o seu dereito".

De seguido o Sr. Presidente somete a votación a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que esta situación de indefensión do público prodúcese pola deixadez deste goberno o non ter feito un inventario de camiños e prazas públicas.

O Sr. Garcia Soto, sinala que este tema debíase haber resolto fai varios anos que é cando se prantexou o problema.

O Sr. Fernández Gil, sinala a necesidade de facer este expediente para clarificar a situación que se está a producir, indicando que os indicios son de que estase a invadir un camiño público.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que por desgracia estes problemas surxen, sinala que os conflitos os hai tanto coa propiedade privada como pública e o que se trata con este expediente é de clarificar unha situación.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA REALICE E APROBE O INVENTARIO DE CAMIÑOS E ESPAZOS PUBLICOS DO MUNICIPIO DE RIBADAVIA E SE PROCEDA A SÚA PROTECCION PARA O BEN COMUN.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servizos Municipais de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal: "De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, sobre a realización e aprobación dun inventario de camiños e espazos públicos no Concello e se proceda a súa protección que de seguido transcríbese: "**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En relación co acontecido neste mes de maio, polo cal un grupo de veciños da parroquia da Franqueirán, reclaman que se está a usurpar por parte dun particular espazo público no lugar do Carro do Traveso.

O noso Concello non soubo actuar con eficiencia e eficacia neste caso particular. Pero ademais o Concello de Ribadavia tampouco ten elaborado e aprobado un inventario dos camiños existentes no seu municipio. Esta omisión do noso Concello supón unha eiva importante para a protección dos nosos espazos público: camiños urbanos e rurais e prazas do noso municipio. Por elo, o noso grupo presenta esta Moción.

Esta situación de perda de espazo público motivada pola hipotética usurpación dun particular pode volver a reproducirse en casos futuros. Neste caso é obriga do Concello tomar todas as medidas legais para salvagardar os camiños e espazos públicos.

Lexislación.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Lei de Bases de Réxime Local contempla a obriga do Concellos a ter inventarios dos seus camiños públicos, e de que estes sexan actualizados. Os Concellos debe protexer o seu patrimonio e o espazo público para o ben común.

No caso de que un particular ocupe un camiño ou espazo público, a obriga do Concello é restituír dito espazo público. Neste caso de usurpación pública por un particular, o Concello ten un prazo para atender algunha denuncia que solicite a reapertura do camiño.

No caso de que o Concello non teña feito e actualizado este inventario, existen accións que un cidadá/n pode seguir contra a nosa institución local: a) Recurso contencioso-administrativo pola inactividade, cando o Concello fora advertido de esa obriga e transcorra o período de Silencio Administrativo sen facer nada; b) Denunciar polo Penal ao Concello por Prevaricación por Omisión.

A acreditación documental dos camiños é unha cuestión que vai adquirindo cada vez maior relevancia na lexislación local. O artigo 74 do TRRL define os bens dominiais de uso público como “os camiños e estradas, prazas, paseos, parques, augas, fontes ,canaís pontes, e demais obras de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local” . Este artigo, xunto co 25 e 26 de la RBRL, define os camiños públicos en función do destino e en función do mantemento e conservación, pero desde o punto de vista civil, o camiño será público ou privado en función dos títulos de propiedade sobre o mesmo. Así tamén en relación co PXOM e a súa aprobación, hai que advertir que os viais marcados no planeamento urbanístico non presupón sen máis a titularidade municipal, senón que só determina a vocación ou o destino como camiño público.

Protección dos camiños e espazos públicos.

A competencia municipal en materia de vías públicas alcanza tanto ás urbanas como ás rurais, e é obriga das Entidades Locais mantelas en bo estado de conservación.

Os Concellos deber exercitar en todo caso as competencias en relación coa “seguridade en lugares públicos”, que implica a ordenación, vixilancia e disciplina das vías públicas urbanas e tamén dos camiños rurais.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Que o Concello realice e aprobe un inventario de espazos públicos , camiños públicos, camiños rurais e prazas do municipio de Ribadavia, así como dos camiños e estradas, prazas, paseos, parques, augas, fontes ,canaís pontes, e demais obras de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local.
2. Unha vez realizado este inventario de camiños de titularidade municipal, procederase á aprobación inicial por parte deste Pleno, e será sometido a exposición pública por un período de 15 días, cuestión que se fará tamén en todas as parroquias do Concello, e dispoñendo por parte do Concello persoal que asesore dita consulta á veciñanza.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3. Unha vez aprobado definitivamente dito inventario, debese proceder a elaboración dunha ordenanza que regule a utilización destes espazos públicos e a súa protección".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido por parte dos concelleiros do P.P., propónse unha engadega a proposta presentada no senso que se inclúa un punto 4º que estableza o seguinte:

"4.- Dado que o actual inventario de bens non se atopa actualizado, que por parte do Concello se proceda a elaboración dun novo Inventario do Patrimonio municipal, de acordo co que dispón os artigos 17 e ss. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986 do 13 de xuño."

O Sr. Fidalgo Martinez, manifesta a súa conformidade en engadir o punto 4º propostos, quedando a proposta de acordo do seguinte xeito:

" 1º.- Que o Concello realice e aprobe un inventario de espazos públicos , camiños públicos, camiños rurais e prazas do municipio de Ribadavia, así como dos camiños e estradas, prazas, paseos, parques, augas, fontes ,canais pontes, e demais obras de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local.

2.-Unha vez realizado este inventario de camiños de titularidade municipal, procederáse á aprobación inicial por parte deste Pleno, e será sometido a exposición pública por un período de 15 días, cuestión que se fará tamén en todas as parroquias do Concello, e dispoñendo por parte do Concello persoal que asesore dita consulta á veciñanza.

3.-Unha vez aprobado definitivamente dito inventario, debese proceder a elaboración dunha ordenanza que regule a utilización destes espazos públicos e a súa protección.

4.- Dado que o actual inventario de bens municipais non se atopa actualizado, que por parte do Concello se proceda a elaboración dun novo Inventario do Patrimonio municipal, de acordo co que dispón os artigos 17 e ss. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986 do 13 de xuño".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita obténdose o seguinte resultado: por unanimidade fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que o motivo da proposta é a problemática xurdida na Franqueirán; dí que hai que salvaguardar os espazos públicos e o inventario é unha ferramenta indispensable. Finalmente sinala que é unha obriga das



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

entidades locais determinada por lei e a protección dos camiños tanto de carácter rural como urbanos.

Intervén o Sr. Vázquez López, para manifestar a súa conformidade coa proposta presentada, solicitando que se aproveiten os traballos realizados pola Deputación Provincial fai varios anos sobre estas cuestións.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que lle parece lóxica a proposta presentada, en primeiro lugar para ter unha planificación das futuras actuacións municipais e en segundo lugar para coñecer cál é o patrimonio municipal do solo do Concello.

O Sr. Fernández Gil, manifesta o apoio a proposta e sinala que a engadega ven motivada polo feito de que o inventario municipal non está actualizado; dí que con esta proposta porase en valor determinados recursos que descoñecemos e algúns que se atopan en estado lamentable.

O Sr. Iglesias Sendin, recorda que no P.X.O.M. hai un inventario de camiños, se ben non é completo, polo que está de acordo coa proposta presentada e sinala que o que habera que consensuar é a forma de facelo.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que o feito de figurar no catálogo do P.X.O.M. non acredita a titularidade pública.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION SE PROCEDE DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS Nº 1/2016.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal:"Intervén o Sr. Presidente da Comisión para explicar o contido do expediente de modificación e créditos; dí que Concello antes do vindeiro 30 de setembro, ten que ter executada a obra denominada "Mellora de Camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Ribadavia, obra encadrada dentro do Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, para o cál faise necesario a aportación municipal de 8.781,15; para a obra "Mellora e adecuación de parques infantis dentro da rede CRA Amencer", faise necesario unha aportación de 16.770,64 euros, así como tamén para correxir un erro no consignado no orzamento dunha traballadora da limpeza do C.P.I. Tomás de Lemos. Por iso, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobación de expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 1/2016, por importe de 26.913,68 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría fica ditaminado favorablemente o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 1/2016".

O Sr. Vázquez López, manifesta a conformidade coa proposta presentada, sinalando que a mesma redundará no ben común dos veciños.

O Sr. Fidalgo Martínez, intervén para dicir que mostra a súa conformidade co tema do persoal, co do plan marco e en canto o dos xogos infantis para escolas integrantes do C.R.A., tamén está de acordo pero con lixeiras matizacións; dí que é certo o mal estado do patio da escola infantil de Francelos, si ben non está de acordo coa metodoloxía elixida polo grupo de goberno para elixir as actuacións xa que pensa que hai outras necesidades, pensa que habria que consultar a veciñanza para fixar as prioridades, facendo referencia a diversas actuacións propostas polo seu grupo os orzamentos 2016 (arranxo de centros sociais, vestiarios do Castelo, casa de Cultura...).

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que este expediente ven a corroborar a pouca planificación do grupo de goberno cando fíxo os orzamentos, polo que o seu grupo vaise a abster.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para manifestar o apoio do seu grupo a proposta presentada, xa que o que se trata e de cofinanciar diversas actuacións por parte do Concello; en canto o tema do persoal solicita máis celo o tempo de confeccionar os orzamentos para evitar estas cuestións.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que o tema do persoal foi un erro; en canto as actuacións no C.R.A. dí que é algo solicitado pola comunidade educativa e os pais, sinalando que a petición realizase unha vez estudiada a orde e analizar o encaixe de diversas actuacións na mesma; en canto a previsión do orzamento sinala que no momento de aprobar os mesmos non son coñecedores das ordes nin das subvención que vai a conceder a Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Fidalgo Martinez, para referirse o obxecto da Orde sinalando que o mesmo é amplo o igual que tamén teñen preferencias as agrupacións de Concellos.

O Sr. Iglesias Sendin, da conta doutras solicitudes realizadas e sinala que tamén se fixeron solicitudes con outros Concellos.

O Sr. Alcalde sinala que a planificación en todo caso debe ser da Xunta de Galicia a hora de facer as Ordes e non do Concello; dí que o Concello solicita as subvencións en base as prioridades que fixa a Orde; dí que no se actúa en San Paio xa



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

que os terreos non son de titularidade municipal e en canto o plan marco solo se financia o I.V.E.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, once (P.S.O.E., P.P., e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, dous (B.N.G. E Agrupación de Electores Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobado o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 1/2016, por importe de 26.913,68 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.

6.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. POLA NECESARIA HOMENAXE AO LITERATO GALEGO MANUEL MARIA EN RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal:"Dona Maria López Touza, Presidenta efectiva da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:" **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Manuel Maria é unha desas figuras sin as cales Ribadavia non se entendería hoxe en día. A súa relación con Ribadavia comeza moi cedo coa representación da súa obra " barriga Verde " polo teatro Guiñol nas vésperas da Festa do portal. Esta actuación foi programada en Ribadavia pola entón chamada " Agrupación de los jovens de Ribadavia (cine club). Dende ese punto o poeta chairego comeza a participar coa vida cultural de Ribadavia ao igual que fixo coa do resto do país.

É así que: no 1972 da unha conferencia en Abrente co título: Comentarios de poesía. Conferencia esta, que o goberno civil so autoriza en parte prohibindo A os irmandiños e Canción para cantar todos os días.

1973, participa como concursante do primeiro concurso de obras teatrais de Abrente coa súa obra:

"O meu mundo non é este reino". No ano seguinte xa forma parte do xurado do mesmo concurso xunto a outros persoeiros do País. Ao ano seguinte o xurado do mesmo concurso concede ao devandito poeta unha mención pola súa obra "A revolución de 1836". nos seguintes anos segue a

formar parte do xurado do concurso de obras teatrais de Abrente e no 77 participa das actividades paralelas da Mostra dando un recital de poesía xunto con Uxio Novoneira e Méndez Ferrin.

Neste mesmo ano, o autor é asinante dunha solicitude ao Ministerio de Cultura solicitando mais apoio económico e locais adecuados para a realización das representacións teatrais na Vila.

A presenza de Manuel Maria e Saleta en Ribadavia era continuada cada primeiro de Maio no Xantar enxebre que organizaba Abrente, e durante a semana da mostra a súa ausencia non existía.

Como vemos a relación de Manuel Maria con Ribadavia é ampla é o propio poeta chega a dicir na prensa que de non ser da Terra Cha, gustaría de ser do Ribeiro facendo na mesma entrevista unha descrición poética da nosa contorna paisaxística.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dende o BNG entendemos por todo isto que as actividades relacionadas coa figura de Manuel Maria no noso concello no ano que se lle adican as letras galegas é insuficiente para todo o traballo e dedicación que esta persoa exerceu en Ribadavia e para o teatro galego.

ACORDOS:

1. Dedicar a mostra internacional de teatro de Ribadavia do ano 2016 a Manuel Maria.
2. Que o concello de Ribadavia solicitando colaboración ao museo e ao colectivo Abrente desenvolva actividades todo este ano ao redor da figura de Manuel Maria.
3. Interactuar dende o concello co CPI Tomas de Lemos e o IES O Ribeiro para amosar a relación que Manuel Maria tiña con Ribadavia.
4. Porlle o nome de Barriga Verde, primeira obra do autor representada ao abeiro de Abrente en Ribadavia ao auditorio da Casa da Cultura de Ribadavia. Cuxa homenaxe debera estar acompañada da lectura de poemas.
5. Que o consistorio desenvolva actividades non só dirixidas as crianzas, se non a poboación en xeral".

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que o motivo da proposta é que considera insuficiente as actividades organizadas o pasado día das letras galegas e dado a vinculación de Manuel Maria con Ribadavia e a comarca do Ribiero, entende que é necesario facerlle un recoñecemento e unha maior difusión da súa persoa e obra.

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (B.N.G., Agrupación de Electores Ribero en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E e P.P.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

O Sr. Garcia Soto explica de seguido a motivación da proposta; en primeiro lugar fai referencia a vinculación con Ribadavia do autor e en especial co colectivo Abrente; en segundo lugar no Museo atopanse depositados libros do autor o demostra a vinculación do autor con Ribadavia e por último polo feito que a programación cultural o día das Letras Galegas brilou pola súa ausencia. Por todo considera necesario levar a cabo as propostas presentadas para homenaxear a un dos autores máis prolíficos da literatura galega.

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que o maior recoñecemento foi adicarlle o día das Letras Galegas, non obstante está de acordo coa proposta presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, anuncia o voto a prol da proposta, sinalando que a explicación do voceiro do B.N.G. pareceulle convincente.

O Sr. Fernández Gil, sinala que suscribe o manifestado polo Sr. Garcia Soto, facendo fincapé en que a programación do día das letras galega era mellorable e con estes acordos tratrase de complementar os mesmos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que si se fixeron actos no día das letras galegas, en concreto na praza maior, casa de cultura, así como exposicións.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que lle parecen ben os acordos, se ben esto non significa que se poidan cumprimentar todos, xa que algúns no dependen exclusivamente do Concello.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA- CONCELLOS TRANSPARENTES PARA FACER UN SENDEIRO DENDE FRANCELOS A PREXIGUEIRO POLA BEIRA DO RIO MIÑO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal: "Dona Maria López Touza, Presidenta efectiva da Comisión, da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcribese:" **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

PRIMEIRO.- Tendo en conta que cada día máis xente utiliza para pasear e facer deporte o actual camiño da beira do río Miño e a maiores tamén temos constancia que as termas de Prexigueiro son utilizadas cada vez por máis persoas, sería bo facer un acceso dende a depuradora ata os baños, sería un atractivo máis e a maiores seguiríamos fomentando un estilo de vida saudable.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes,

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar o goberno municipal a que tome en conta esta suxerencia e a maiores traslade a outras administracións que poidan colaborar no proxecto xa que entendemos que será beneficioso tanto para os veciños e veciñas coma para os visitantes".

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E, P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribero en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

O Sr. Vázquez López explica o contido da proposta, sinalando que é necesario o que se propón xa que cada día utiliza máis xente o camiño e as termas de Prexigueiro; dí que se trata de aproximadamente 1,5 km.

O Sr. Fidalgo Martínez dí que lle parece unha boa idea e por iso van votar a prol; dí que é unha idea do técnico de turismo e o que hai que facer é buscar



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

financiación para arranxaar o paseo do Avia nas diversas administracións (Confederación, Xunta e Deputación); así mesmo solicita o mantemento dos diversos camiños existentes no Concello e en particular sinala que se debe pechar o tránsito de vehículo o tramo que vai dende a Veronza ata a ponte da Barca, xa que o seu estado e lamentable.

O Sr. Garcia Soto, dí que se trata dunha boa proposta polo que vai a votar a prol da mesma.

O Sr. Fernández Gil, esta a prol da proposta presentada, dí que se trata de darlle continuidade o camiño existente, é unha actuación necesaria e que se debe potenciar, así como tamén deberíase facer un plan máis ambicioso co obxecto de acondicionar os paseos que hai pola beira do río dende Ribadavia ata os concellos limítrofes incluso ata Bóboras.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para mostrar a súa conformidade, sinalando que o problema serán as fincas privadas; en canto a proposta feita polo voceiro do P.P. parecelle ben se ben pensa que se podía canalizar a traves da Mancomunidade Turística.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

8. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOLICITANDO O ACONDICIONAMENTO DA FINCA CEDIDA AO CONCELLO E OUTUBRO DE 2014 PARA SER USADA COMO PATIO EXTERIOR DA ESCOLA INFANTIL GALIÑA AZUL.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 19 de maio de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal do P.P. relativa o acondicionamento da finca cedida ao concello en outubro de 2014 para ser usada como patio exterior da escola infantil "Galiña Azul", que de seguido transcríbese: **Exposición de Motivos:**

No Pleno do Concello de Ribadavia celebrado o 30 de outubro de 2014, aprobábase por unanimidade unha moción de urxencia para aprobar o convenio de cesión en precario, por parte dun particular, dunha finca situada na rúa Carlos Casares nº5.

A finalidade da sinatura do devandito convenio era complementar as instalacións da escola infantil "Galiña Azul", convertindo a este solar nun patio de xogo e lecer para uso exclusivo dos nenos e nenas deste centro educativo.

Debemos ter presente que, actualmente, na escola infantil "Galiña Azul" de Ribadavia non se dispón dun patio exterior no que os nenos e nenas poidan xogar e facer actividades ao aire libre, o que significa que as rapazas e rapaces deben pasar toda a súa xornada no interior do centro.

Unha vez aprobado o referido convenio en outubro de 2014, e polo tanto cedido o terreo ao Concello de Ribadavia, non temos constancia de que dende o goberno municipal se teña dado ningún paso en firme para proceder á adecuación e habilitación deste patio



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

para que, os nenos e nenas, poidan disfrutar de actividades no exterior. Parece lóxico que, unha vez cedido o terreo hai xa máis de ano e medio, o concello debería ter habilitado xa este patio e a escola tería que contar xa cun espazo de lecer no exterior, pero desgraciadamente, a día de hoxe, todo segue igual e a posibilidade de habilitar un patio exterior segue a ser unha quimera irrealizable por causa do desleixo do goberno municipal.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

- a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, as actuacións necesarias para levar a cabo o acondicionamento do solar, cedido en precario, situado na rúa Carlos Casares nº5, para o seu uso como patio exterior de xogo e lecer para uso exclusivo dos alumnos e alumnas da escola infantil “Galiña Azul” de Ribadavia".

De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia da proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para explicar a proposta presentada; dí que no Pleno do Concello de Ribadavia celebrado o 30 de outubro de 2014, aprobábase por unanimidade unha moción de urxencia para aprobar o convenio de cesión en precario, por parte dun particular, dunha finca situada na rúa Carlos Casares nº5. A finalidade da sinatura do devandito convenio era complementar as instalacións da escola infantil “Galiña Azul”, convertindo a este solar nun patio de xogo e lecer para uso exclusivo dos nenos e nenas deste centro educativo, sinalando que dende esa data nada se fixo e a zona cedida segue no mesmo estado e cheo de maleza; dí que non lle consta que se houberse dado traslado do acordo de cesión o Consorcio xa que o solicitaron e nada dende o Concello se contestou polo que pensa que non se fixo.

Intervén o Sr. Vázquez López, para anunciar o seu voto a prol da proposta, se ben quere deixar claro que a garderia non é de titularidade do Concello senon da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que este asunto tratouse varias veces nesta Corporación; dí que hai que diferenciar a titularidade dos inmobles existentes na zona que son do Concello e a xestión que é da Xunta; sinala que a xestión da gardeira non é a axeitada a pesar das propostas presentadas non se fixo nada para melloralo; continúa a dicir que se trata dun servizo básico e propón como alternativa a compatibilización do patio entre o C.P.I. Tomas de Lemos e a garderia e para eso



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

debe buscar unha solución a tres bandas entre Concello, Xunta e dirección do centro. Finaliza a súa intervención dicindo que vota a prol da proposta pero cos matices sinalados en canto que haberá que buscar outra alternativa, indicando que a ubicación da gardería infantil non é a máis axeitada.

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que non se pode pretender que a Xunta de Galicia invirta en educación e menos que actuase de oficio; dí que lle pareceu innecesaria a intervención no instituto sinalando que no Concello hai outras necesidades como agora se está a ver; coincide co Sr. Fidalgo Martínez, se ben o que realmente lle preocupa son as prazas ofertadas e o funcionamento da gardería.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que estamos a falar dun servizo básico cuia xestión e titularidade e da Xunta; solicita o voceiro do P.P. onde están os compromisos que se ian a facer, de feito da conta que dende a propia dirección do centro se teñen feito peticións de melloras do centro, se ben considerará que é certo que o Concello ten que manter limpo o solar cedido e de feito procedeuse a súa limpeza esta mañá, non obstante parecelle ben a proposta.

O Sr. Fernández Gil, sinala que para que un organismo poida actuar o Concello ten que por disposición do mesmo o terreo; en canto o ascensor sinala que tras as visitas do técnicos concluíuse que non se podía facer por cuestións normativas; dí que fai un mes tivo unha reunión con xerente do Consorcio, dando conta da mesma, sinalando que se comprometeu a que se o Concello acondiciona o terreo eles farán o patio así como tamén que para o vindeiro curso vanse a facer actuacións con fondos Feader, en concreto fala de melloras na climatización e substitución de fiestras.

O Sr. Vázquez López sinala que debe haber vontade por todas as partes para solucionar o problema polo que pide que se provoque unha reunión para resolver o tema.

O Sr. Fidalgo Martínez, intervén para agradecer a xestión realizada polo voceiro do P.P., se ben considera quen debería ter esa reunión debería ser o Sr. Alcalde, polo que vé unha dexación de funcións; reitera que o seu criterio a solución é outra se ben van a votar a prol da proposta presentada.

O Sr. Garcia Soto, sinala que haberá que falar con quen sexa para tratar de resolver o tema.

Intervén o Sr. Alcalde para decirlle os intervintes se se creen o que están a dicir; dí que se non se pode acceder o patio e porque non hai ascensor; sinala que non entende a complicidade dalguns co P.P. e se hai tanta incapacidade por parte do grupo de goberno non sei a que esperan para xuntarse e empezar a gobernar; dá conta da diversa problemática do Consorcio, sinala que se trata dun tema da Xunta de Galicia e acto seguido propón como engadega a proposta un punto b) co seguinte texto:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- b) Que unha vez levadas a cabo polo Concello as actuacións necesarias para levar a cabo o acondicionamento do solar sito na rúa Carlos Casares nº5 desta Vila e se proceda a súa cesión o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar , de xeito inmediato e en todo caso para o vindeiro curso 2016-17 por parte do referido Consorcio ou organismo competente se proceda a dotar a garderia dun patio exterior de xogo e lecer para uso exclusivo dos alumnos e alumnas da escola infantil “Galiña Azul” de Ribadavia”.

De seguido o voceiro do P.P. e os restantes voceiro dos diversos grupos municipais manifestas a súa conformidade coa engadega proposta.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da proposta co engadega transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Transcríbese de seguido a proposta aprobada:

a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, as actuacións necesarias para levar a cabo o acondicionamento do solar, cedido en precario, situado na rúa Carlos Casares nº5, para o seu uso como patio exterior de xogo e lecer para uso exclusivo dos alumnos e alumnas da escola infantil “Galiña Azul” de Ribadavia”.

b) Que unha vez levadas a cabo polo Concello as actuacións necesarias para levar a cabo o acondicionamento do solar sito na rúa Carlos Casares nº5 desta Vila e se proceda a súa cesión o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar , de xeito inmediato e en todo caso para o vindeiro curso 2016-17 por parte do referido Consorcio ou organismo competente se proceda a dotar a garderia dun patio exterior de xogo e lecer para uso exclusivo dos alumnos e alumnas da escola infantil “Galiña Azul” de Ribadavia”.

9.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non hai mocións de urxencia.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

1ª PREGUNTA.- Tendo presentes as informacións que, sobre a débeda do Concello de Ribadavia, apareceron en diferentes medios de comunicación nas últimas



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

semanas, e os datos que se desprenden da conta xeral do exercicio 2015, realiza as seguintes preguntas:

- 1.- Segúen o día de hoxe sen pagarse os 545.698,70 euros de obrigas pendentes que se recollen na conta xeral de 2015?
- 2.- Cal é a relación dos provedores aos que se lle adebedan estes 545.698,70 euros?
- 3.- Cál e a día de hoxe o prazo medio de pago a provedores do Concello de Ribadavia?
- 4.- Cál é o importe económico de obrigas recoñecidas e pendentes de pago a día de hoxe, incluíndo o exercicio 2015 e o que vai do 2016?.

Resposta o Sr. Alcalde:

- 1) Non. Xa se pagaron 118.249,51 euros. Do que resta, os debedores máis importantes son Gas Natural Fenosa co se formlizou Convenio de pagos que se está cumprindo puntualmente e Deputación Provincial co que temos pendiente un Acordo de compensación parcial de débitos.
- 2) Achégárase relación de débedas, unha vez elaborada polos servizos técnicos do Concello.
- 3) Periodo medio a pago a provedores a final do exercicio anterior: 93,89 días.
- 4) Obrigas pendentes de pago de 2015/2016: 543.246,81 euros, dos que a maioría están en fase de pago por convenio co acreedor ou compensación de débedas.

2ª PREGUNTA.- O pasado 13 de maio de 2016 as 13:00, celebrouse unha reunión na delegación territorial da Xunta de Galicia en Ourense na que participaron representantes das vilas termais da provincia Ourense e a directora da Axencia de Turismo de Galicia, dona Nava Castro. Nesta reunión, á que o concello de Ribadavia estaba convocado, tratouse entre outros asuntos a sinalización de vilas termais da provincia de Ourense. Unha vez celebrada esta reunión, e segundo a información proporcionada por representantes municipais, puidemos comprobar que non asistiu ninguén en representación do concello de Ribadavia.

a) Cal é a razón que xustifica a ausencia do alcalde de Ribadavia, ou de calquera outro membro da Xunta de Goberno Local en representación deste, nesta reunión?.

b) Considera o alcalde de Ribadavia unha cuestión menor ou sen importancia, defender os intereses de Ribadavia en reunións coma esta na que outros concellos solicitaron a colocación de máis sinais indicativas de recursos termais municipais ou modificación da colocación das mesmas?

c) Qué actuacións ten levado a cabo, e pode demostrar documentalmente, o alcalde de Ribadavia ante a axencia de turismo de Galicia para mellorar ou poñer en valor os recursos termais e turísticos do concello de Ribadavia?



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Este Concello non ten comunicación por escrito de reunión ningunha, sinala que non tivo comunicación oficial da referida reunión; considera unha cuestión importante o tema e de feito o grupo socialista na deputación o que fixo unha proposta sobre o referido plan termal provincial. Por último sinala que dende o Concello se fixeron xestións para a colocación das referidas sinais se ben a Xunta non solicitou no Concello autorización para colocalas non onde se ian a colocar.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulanse os seguinte rogos e preguntas:

1º ROGO. Que se adopten medidas para a posta en valor da Praza Maior; fai referencia o tema das terrazas, veladores, xogos dos nenos sinalando que deberán ser medidas consensuadas por todos os grupos.

2º ROGO.- Que se proceda a retirada dos paneis informativos existentes, o arranxo das fontes e a limpeza do camiño da Estación.

3º ROGO.- Que se proceda o pintado dos pasos de peóns en varias zonas do Concello e en particular no cruce da rúa do Carballiño.

1ª PREGUNTA.- En relación con varias facturas aprobadas por Resolución da Alcaldía, interesa saber a que actuacións se refiren, en concreto unha relativa a alumeadado na Foz e outra de formigonado do camiño da Veronza.

Resposta o Sr. Alcalde: Recabará información e facilitaralla.

2ª PREGUNTA.- En relación coa compra duns billetes de avión dunha compañía de teatro que actuará na MIT 2016, solicita que cando se compren billetes se merquen en establecementos da Vila.

Resposta o Sr. Alcalde: Trátase dunha compañía extranxeira e os billetes mercanse no seu país de orixe, dí que normalmente compranse os billetes en establecementos da vila.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Que se implementen e leven a cabo todas as Mocións e Propostas que se aprobaron polo Pleno municipal durante esta lexislatura.

1º. As Propostas de Ribeiro en Común que foron incorporadas ao Orzamento 2016, e que aínda non comezaron a implementarse:

Introducir nova Partida para Proxecto de compatibilidade da xornada laboral de pais e nais, con fillas/os entre 0 e 3 anos, co obxectivo de completar o horario existente na escola infantil “Galiña Azul” de Ribadavia. Un obxectivo a maiores debe ser tamén darlle una solución aos pais e nais que quedan sen praza



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

na escola infantil. Cun importe inicial de 6.000 euros, que debe ser aumentado progresivamente.

Incorporase a unha partida de 12.000 euros existente, o incremento de 20.000 euros para as seguintes accións de reparación e reforma:

- Casa da Cultura de Ribadavia.
- Local social de Francelos.
- Centro social de San Paio.
- Reforma Vestiarios do auditorio do Castelo.

Incluír a obra e reparación das Beirarrúas da rúa Muñoz Calero dentro da partida denominada “Infraestruturas e Bens naturais” con importe de 80.000 euros.

2º. Desde Ribeiro en Común presentamos no seu día unha moción que foi aprobada polo Pleno de Ribadavia pola cal se instaba a que o Concello Solicite ao Ministerio de Fomento un novo Proxecto de Mellora da N-120 ao paso pola vila de Ribadavia. Nesta Moción incluíanse as seguintes resolucións:

- Instalación de 3 rotondas na N-120 nas seguintes ubicacións: á altura das zonas coñecidas como “cruce da Franqueirán”, “Cruce de Maquiáns” e “Cruce do Serrallo” antes da ponte da N-120 sobre o río Avía.
- Mellora deste Tramo coa instalación de beirarrúas na N-120 (e mellora onde existan) no tramo desde o “Cruce da Franqueirán” ata a entrada ao núcleo da Quinza.
- Colocación de barreiras protectoras no viaduto da autovía “Rías Baixas” ao seu paso por Ribadavia, como medida de protección e seguridade viaria para os peóns, vehículos e cidadanía en xeral que transita por debaixo de dito viaduto ou emprega as instalacións deportivas e de lecer existentes.

A día de hoxe, non consta ningunha xestión do goberno municipal para levar a cabo estas demandas aprobadas polo Pleno.

3º. A MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA DESENVOLVA UN PLAN DE ACTUACIÓN DE CONTROL DAS COLONIAS DE GATOS NAS RÚAS GARANTINDO A SÚA PROTECCIÓN E RESPECTO, coa adopción entre outras de: Recoñecemento xeral e tratamento no seu caso, Castración, Marcaxe na orella – Desparasitación interna e externa, e a Colocación de casetas e espazos para a súa alimentación. Desde o goberno municipal tampouco se fixo ningunha xestión para levar a cabo esta Moción.

4º. A Moción presentada por Ribeiro en Común como “MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DA REDE MUNICIPAL DE SUMINISTRO DE AUGA E SANEAMENTO E REDE DE SUMIDOIROS EN TODOS OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DO TERMINO MUNICIPAL DE RIBADAVIA QUE NON DISPOÑAN DO MESMO”. Esta foi presentada a causa da demanda dun grupo importante de veciños de núcleos de Ribadavia (A Grova, As Chabolas e O Seixo) que non dispoñen a día de hoxe do servizo da Rede Municipal de auga pública, e o cal lle causou graves prexuízos nos pasados meses de verán,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

chegando á situación de estar a maioría das casas sen ningunha auga durante todo o verán, e continuando nesta grave situación actualmente algunhas casas.

Hai que recoñecer que desde o Concello si se levou a cabo un dos puntos da Moción referido á adopción de medidas inmediatas e temporais como foi a subvención para instalación dun novo pozo de barrena para a administración auga.

A pesar desta medida provisional levada a cabo, a situación actual é que o goberno local de Ribadavia non foi quen de buscar nin conseguir co-financiamento para levar a cabo esta infraestrutura imprescindible para os núcleos da Groba, As Chabolas, O Seixo e Sanín.

5º. Moción para mellorar as instalacións da escola infantil Galiña Azul de Ribadavia.

- Tamén existen Mocións que foron presentadas por outros grupos e que tampouco se levan a cabo. Como por exemplo:
- Polo Grupo de CxG:
 - 1º. referida á “Moción para unha sinalización axeitada para o noso Municipio”. 2º. “Moción para mellorar a vistosidade do noso entorno”, pola cal se propoñía a retirada de carteis e paneis de obras antigos que aínda permanecen de maneira deteriorada.
 - 3º. “Moción para darlle solución do transporte de Ribadavia a Ourense”.
 - 4º. “Moción para a limpeza e posta en funcionamento das fontes do municipio”.
 - 5º. Moción para que o Concello proceda á reparación e restauración do alumeadado existente no entorno das igrexas e prazas de Ribadavia, así como a reparación e/ou renovación dos carteis informativos dos monumentos.
- Ningunha destas Mocións foi levada a cabo.
- Polo grupo do PP: tampouco se chegou a implementar a Moción que presentou este grupo sobre a extensión do servizo de limpeza viaria a todo o municipio. Esta medida aprobada no Pleno, non se chega a manter no tempo, sendo circunstancial a actuación dos servizos de limpeza nas diferentes parroquias do Concello.

Desde Ribeiro en Común consideramos grave que desde o goberno municipal non se leven a cabo Mocións que son aprobadas polo Pleno da Corporación. Entendemos que ditas mocións non deben ser un “brinde ao sol” nin “papel mollado”, xa que a lexislación dos entes locais dinos que “a función do Alcalde é facer cumprir as ordenanzas e regulamentos... executar e facer cumprir os acordos do Concello”, como son os Acordos e Mocións plenarias.

Así, aprobar unha Moción significa adquirir un compromiso de executar o acordado polo Pleno, e a realidade é que os Acordos plenarios na súa maioría non se están a executar por parte deste goberno.

Desde Ribeiro en Común solicitamos que se leven a cabo todos os acordos plenarios, como representación da vontade popular e do mandato cidadá a través dos concelleiros que compoñen a corporación.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º ROGO.- Solicitamos que o proxecto de reforma da Granxa do Outeiro de Francelos sexa levado e tratado nunha Comisión de seguimento análoga na súa composición e funcións á Comisión de seguimento do Plano especial do Casco Histórico de Ribadavia.

Reiteramos a nosa solicitude, feita o 24 de maio, sobre o cumprimento da solicitude do Servizo de Patrimonio da Xunta de paralización de obras, no caso de que estas continúen.

Reiteramos a solicitude de elaboración municipal de informe técnico sobre o antigo camiño Ribadavia- Melón, tamén coñecido como “Camiño Real”: situación legal, propiedade, valor patrimonial, obras prohibidas e obras permitidas, etc.

3º ROGO.- Unha vez máis continuamos a solicitar que se tomen medidas de protección do camiño do río Avia entre a Veronza e a desembocadura no río Miño, como en reiteradas ocasións o noso Grupo xa ten solicitado, tamén no Pleno pasado. O seu deterioro viuse aumentado polo tránsito excesivo de coches, pois en tramos onde non existiu desborde do río atopase igualmente danado, e continua a deteriorarse.

4º ROGO.- Volvemos a Solicitar que se proceda ao selado de seguridade na rede de tubaxe- pozo existente no socalco inferior do parque Robla á altura do camiño que vai á pasarela da Foz. Este pozo- tubaxe atopase tapado moi precariamente e sen medidas de seguridade, supoñendo un foco de perigo para nenos/as.

5º ROGO.- Solicitamos de novo que se leve a cabo unha intervención de limpeza, arranxo, e axardinamento da mesma, arredor das estrutura de pedra da propia pasarela e as súas escaleiras, aproveitando as accións de desbroce efectuada nas inmediacións da pasarela da Foz.

6º ROGO.- Solicitamos de novo a limpeza e o arranxo da fonte situada no Parque Robla, que continuamente permanece sucia e en mal estado, de non ser posible este arranxo propoñemos a súa retirada, pois é contraproducente que continúe na mala situación actual. Así mesmo, tamén solicitamos que se proceda a mellora deste parque, xa que é unha das principais vistas visitadas no noso casco histórico desde o mirador da praza Buxán. Solicitamos tamén limpeza da muralla medieval situada nesta altura, pois atopase chea de maleza.

7º ROGO.- Solicitamos de novo limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril (Rúa Vendaval), por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia nesta rúa.

8º ROGO.- Solicitamos a limpeza- substitución da sinalización de estrada do Concello de Ribadavia, alí onde sexa preciso.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

9º ROGO.- Solicitamos de novo o asentamento correcto de varias pedras mal colocadas na casco histórico, que abanean, co conseguinte ruído e molestia para a veciñanza, e co risco de que rematen por romper ao paso dun vehículo.

10º ROGO.- Solicitamos de novo, como xa fixemos en plenos anteriores, a mellora do entorno da Porta nova, xa que entendemos que o seu estado non é o máis acaído como punto importante de visita turística e de lugar referencial do noso casco histórico. Existe unha importante suciedade na zona onde se atopan os contenedores, así como a acumulación excesiva de coches nesta zona. Propomos a limpeza do solo e o arranxo do camiño que une a rúa extramuros co campo da feira. Así, como a substitución do contenedor de aceites usados. Tamén a instalación dun novo bolardo para evitar que se aparque encima da “beirarrúa”.

11º ROGO.- Volvemos solicitar que se inclúan no web do Concello un apartado máis visible os enlaces da ruta do viño ribeiro e das rutas sefarad, das cales o noso Concello é socio importante.

12º ROGO.- Solicitamos de novo a limpeza da fachada e parte superior da entrada ao cemiterio municipal, así como a recollida de “contenedores” e outros materiais acumulados na entrada. Solicitamos que se amplíe o horario de apertura no período de cambio do fuso horario, ou cando menos de maio a setembro incluídos, pasando das 19h actuais as 21h.

13ª ROGO.- Solicitamos a limpeza da parte traseira do cemiterio municipal así como do Campo da feira.

14º ROGO.- Respecto ás numerosas Facturas das empresas Amando SL e AOPIL SL no período do 31/07/2014 ao 29/02/2016 por importe total superior a 170 mil euros, facemos as seguintes rogo e pregunta:

-Factura de AOPIL SL con data de 03/07/2015 co concepto “certificación nº1 acondicionamento caminos” por importe de 64.363,53 euros. Pedimos que o concepto sexa máis detallado, para termos coñecemento a que acción se refire, entendendo que se refire á certificación nº1 do conxunto da obra, pedimos se explicita con maior precisión o concepto da factura.

-Factura de AOPIL SL con data 30/10/2015 co diferentes conceptos referidos a arquetas, limpeza e preparación terreo e instalación formigón, por importe de 2.513,22 euros. O noso grupo pide que se concrete o lugar da acción e obras en dita factura.

-Factura de AOPIL SL con data 31/08/2015 co diferentes conceptos referidos a reparación recrecido de pozos e arquetas e hormigonado de terreo, por importe de 3.049,20 euros. O noso grupo pide que se concrete o lugar da acción e das obras en dita factura.

-Factura de AOPIL SL con data 10/07/2015 co diferentes conceptos referidos a barrido firme e dobre rego asfáltico, por importe de 1.832,32 euros. O noso grupo pide que se concrete o lugar da acción en dita factura.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

-Factura de AOPIL SL con data 30/10/2015 co concepto “reparacións realizadas no campo de fútbol de Quins”, por importe de 1.678,19 euros. O noso grupo pide que se concrete e detalle o concepto da acción en dita factura.

-Factura de AOPIL SL con data 31/01/2016 e Factura de AOPIL SL con data 29/02/2016 co diferentes conceptos referidos á Pasarela da Foz, por importe de 1.922,69 euros e 3.109,70 euros respectivamente. O noso grupo quere coñecer o motivo de que a data das facturas sexan tan serodias , en relación á data da acción que se factura.

Por orde o Sr. Alcalde intervén o Sr. Iglesias Sendin para sinalar que as facturas as que se fan referencia son relativas as obras do Plan Marco de camiños rurais, varias actuacións de alumeadado e o de acondicionamento do campo do Quins, no obstante recabará a documentación e facilitaralle copia de cada unha das actuacións.

15º ROGO.- Temos constancia de que no noso termo municipal a Deputación provincial estea a facer labores de mantemento de cunetas e beirarúas empregando liposatos polo que solicita que se fagan xestións para que non se utilice dito material.

16º PREGUNTA.- Están pechadas as Contas da Feira do Viño 2016? Rogo: Solicitamos dispoñer das mesmas en canto estean dispoñibles.

1ª PREGUNTA.- Cal é o estado do expediente das obras da Granxa do Outeiro neste momento, despois de que o noso grupo solicitara dar cumprimento a solicitude do Servizo de Patrimonio.

Resposta o Sr. Alcalde: A obra atopase paralizada por Resolución da Alcaldía. A propiedade presentou a documentación e unha vez informada polos servizos técnicos remitírase a Patrimonio.

2ª PREGUNTA.- O noso grupo propuxo no Pleno pasado que desde o Concello de Ribadavia, se solicite con urxencia unha reunión para expoñerlle un plan de arranxo do paseo e acceso ao río Avia, ás Administracións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Deputación Provincial de Ourense, e á Confederación Hidrográfica Miño- Sil.

Pregunta: Queremos saber si esta xestión se fixo??

Relacionado con isto, no encontro que se produciu esta mesma semana entre o Alcalde e un técnico municipal e representantes da CHMS queremos saber o contido de dito encontro e si se tratou tamén este asunto.

Reposta o Sr. Alcalde: Fixéronse xestións e de feito da conta da reunión mantida dias pasados na Confederación para tratar o tema do campo de futbol de herba sintética e tamén se trataron os temas obxecto da pregunta.

3ª PREGUNTA.- Reiteramos solicitude de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez .

Pregunta: Iniciouse o proceso para a súa instalación?



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde: Todavía non.

4ª PREGUNTA.- En relación á solicitude no Pleno pasado dun Plan de mellora turística de Ribadavia, Pregunta, queremos saber si se inciou algunha das propostas? Como son: Habilitar zona de aparcadoiro para buses de grupos de visitantes e turistas. Sinalización da oficina de turismo e de carteis na porta principal do castelo no que se indique a existencia de visita ao interior desde a oficina de turismo. Mellora e intervención no mal estado dos nosos roteiros e sendas para camiñar, así como o seu mantemento e sinalización.

Resposta o Sr. Alcalde: Esta previsto facer unha actuación e de feito solicitouse unha subvención polo que cando se acometa a obra faranse o solicitado.

5ª PREGUNTA.- En relación á solicitude feita no pasado Pleno de intervención de arranxo dos camiños da Aldea, no entorno da capela de San Xés, para que se faga de maneira respectuosa coa capela prerrománica existente.

Preguntamos en que situación se atopa este proxecto e si houbo comunicación ao servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia en Ourense, como Administración competente.

Nesta mesma zona tamén solicitamos que se mellorara a sinalización e panel informativo da capela de S.Xes, así como a colocación dunha papeleira no seu entorno, e a substitución da farola existente (inclinada e en mal estado) na parte de atrás por unha máis de acorde co entorno.

Preguntamos, si se tramitou algunha demanda.

Relacionado con este punto, o noso grupo ten información de que esta acción en Francelos foi substituída por unha en San Cristovo. Queremos saber se isto é así, onde é exactamente e por quen foi decidido.

Por orde o Sr. Alcalde resposta o Sr. Iglesias Sendin: Remitiuse a documentación a patrimonio, e mentras acometeronse obras no camiño Matíño en San Cristovo, pista de acceso a Etap na Franqueirán e entorno da baixada a Barca.

6ª PREGUNTA.- Da solicitude para que se nos proporcione aos grupos municipais un espazo de traballo e medios para desenvolver o seu traballo na propia casa consistorial. Esta solicitude respondida dicíndonos que esta mesma semana (23-27 maio) teriamos a nosa disposición un local.

Pregunta: que prazos se manexan e cal e a situación desta solicitude?

Resposta o Sr. Alcalde: Estase facendo o traslado por parte do concelleiros e unha vez rematado facilitaráselle os grupos municipais un despacho para exercer a súa labor.

7ª PREGUNTA.- En acta da Xunta de Goberno do 9 de maio aparecen os seguintes escritos oficiais: - De Aqualia, comunicando escrito de remisión de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

contestación a requirimento efectuado pola Ispcción e Vixiancia Sanitaria da Xefatura Territorial de Sanidade.

Pregunta : saber cal foi a motivación de dito requirimento da Xefatura territorial de Sanidade.

Resposta o Sr. Alcalde: Hai que proceder a limpeza do depósito da captación cuestión esta que fara a empresa concesionaria.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Solicita que por parte do Concello en consenso con todos os grupos municipais se proceda a realización dun plan para evitar o despoblamento do Concello.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar a súa conformidade se ben teria que ser un plan para toda a provincia, xa que é un mal que afecta a todos.

2º ROGO.- Que se fagan xestións para potenciar os ciclos de viticultura e viños e aceites, que se fale coas denominacións de orixe para implementalos.

3º ROGO.- Solicita que se proceda a arranxar a fonte da Quinza así como sumindeiros que están a verquer auga tanto na zona da Quinza como na rúa Merelles Caula.

4º ROGO.- Que se proceda a poñer en valor a ponte sobre o río Maquians a altura da Veronza.

1ª PREGUNTA.- Na campaña electoral das pasadas eleccións locais dixose que se ia a firmar un convenio con Adif para a rehabilitación da vivendas sitas na estación do ferrocarril, polo que pregunta como se atopa o tema.

Resposta o Sr. Alcalde: O convenio podese asinar cando se queira, seria unha cesión, se ben o problema está na rehabilitación das vivendas para o cál fixo xestións coa Xunta de Galicia se ben dixeronlle que non era viable.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º. ROGO.- Solicita que se restableza a sinal de paso de peón existente en San Cristovo no cruce cara a subida a Veiga.

O Sr. Alcalde manifesta que ante a súa desaparición deuselle conta a Consellería.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2º ROGO.- En Febreiro aprobouse unha moción para a colocación dun paso de peon nas confluencias das rúa Martínez Vázquez e Otero Pedrayo polo que solicita que se execute o acordo.

3º ROGO.- Rogaría que se coloque un espello na saída da Praza Maior co obxecto de mellorar a visibilidade dos conductores.

4º ROGO.- Solicita que se arranxe o socabon existente na rúa Vendaval e se averigue a que se debe o mesmo.

5º ROGO.- En relación coa problemática que se está a suscitar na Franqueiran, solicita que se faga un proceso de revisión do outorgamento da licencia para comprobar se se adecúa a lexislación vixente.

6º ROGO.- Xa que non se retirou o control de acceso o casco histórico, todo elo baseado nun informe da Policía Local, solicita que polo menos se adecente e reparen os bolardos e armarios xa que están non estado deplorable.

7º. ROGO.- Que se proceda a limpeza da rúa Transmesones.

8º ROGO.- Solicita máis celeridade a hora de paralizar obras, en concreto refírese a da Granxa de Outeiro, xa que o escrito de Patrimonio chegou o día 13 e tardouse dez días en actuar.

1ª PREGUNTA.- En relación coa presentación na librería Couceiro do premio teatral Abrente 2015, interesalle saber porque non asistiu representación do Concello a dito evento.

Resposta o Sr. Alcalde: Estaba previsto que asistise a Sra. Concelleira de Cultura se ben por circunstancias non poido asistir.

2ª PREGUNTA.- En relación cos pagos a persoal colaborador da Feira do Viño, interesa saber a relación das persoas xa que na resolución no veñen.

Resposta o Alcalde: Hai unha relación anexa polo que o pode solicitar nos servizos de intervención ou tesourería.

3ª PREGUNTA.- Da conta dun escrito da asociación de vehículos históricos da comarca do Sar no que sinala que se lle impediu acceder o casco histórico, polo que pregunta cál é o motivo.

Resposta o Sr. Alcalde: Para que poidesen acceder habria que levantar as terrazas cos conseguintes perxuizos xa que estabamos a falar de máis de 100 vehículos; dí que lle deu como alternativa a fachada do castelo, sinalando que teñen habido diversas concentracións de coches, motos e nunca houbo problema algún.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os rogos:

1º ROGO.- Solicita a colocación dunha sinal de Stop na estrada que ven do balneario de Prexigueiro cara o pobo a traves da pista que vai o cemeterio.

2º ROGO.- Xa que se vai a actuar na pista da Etap vella, solicita que se acondicione o entorno da mesma.

3º ROGO.- Que se proceda a retirada da pancarta do P.S.O.E. instalada no balcón do Asilo.

Concluído o anterior, ás once menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*